

De acordo coas modificacións establecidas pola **Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación**, o Departamento Didáctico de Francés do CPI Manuel Suárez Marquier, modifica a súa programación didáctica de inicio do curso escolar 2021-2022, no seu apartado destinado á avaliación (punto 10) do seguinte xeito:

10. AVALIACIÓN

Esta programación didáctica contempla dous tipos de avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe, que se detallan a continuación: **o proceso de aprendizaxe** do alumnado así como o **proceso de ensino e da práctica docente**.

10.1 AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE

Co fin de determinar o grao de adquisición das competencias, contidos e obxectivos de etapa fixados, levarase a cabo unha avaliación do proceso de aprendizaxe de tipo criterial, de acordo cos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis. Debido ás características do noso currículo, os estándares de aprendizaxe serán avaliados ao longo de todo o ano escolar. Isto supón que **un mesmo estándar poderá ser avaliado en diferentes momentos ou en varias unidades**.

10.1.1. Avaliación na modalidade de ensino presencial

A avaliación do proceso de aprendizaxe comprenderá diferentes tipos de avaliación: **inicial**, **continua** e **final**:

A) AVALIACIÓN INICIAL

| | |
|-------------------------------------|--|
| Data prevista de realización | 1ª e/ou 2ª semana do curso. |
| Proba | Faranse dous tipos de probas, unha que avalíe as catro competencias lingüísticas (CO, EO, CE, EE) e outra que avalíe os conceptos de gramática e léxico que teñen que estar acadados do curso anterior. Estas probas serán de carácter lúdico, por medio da gamificación dos contidos, pois as circunstancias específicas deste curso non se adaptan á realización de probas convencionais sobre papel. |

B) AVALIACIÓN CONTINUA

- Ao longo de cada trimestre, farase unha proba escrita despois de cada unidade na que se avaliarán as competencias de comprensión escrita, comprensión oral, expresión escrita e gramática e léxico.
- A expresión oral poderá ser avaliada en forma de exame, presentación ou proxecto final da unidade.
- **PORCENTAXES A TER EN CONTA PARA A AVALIACIÓN DE CADA UNIDADE :**
 - EXAME ESCRITO (CO, CE, GRAMÁTICA E LÉXICO) : 60%
 - EXPRESIÓN ORAL : 20%
 - EXPRESIÓN ESCRITA : 20%
- Os alumnos **terán que facer todas as probas**, se se negan a facer calquera delas terán a avaliación suspensa.
- **FALTAS NON XUSTIFICADAS AOS EXAMES :** as datas dos exames, probas ou traballos serán fixados con antelación e son inamovibles. Se un alumno ou alumna prevé faltar ao centro ese día, comunicarllo á docente previamente. En caso contrario, a falta deberá estar debidamente xustificada para establecer unha nova data para a realización da devandita proba. Esta proba versará sobre os mesmos contidos pero non terá por que ser idéntica á xa realizada polo grupo de referencia.
- A consulta de documentos alleos ou externos na realización das probas de avaliación será sancionada. De ser pillado/a no momento da infracción, a docente requisará a proba e os documentos non permitidos, en tanto que probas da conduta contraria á normativa. O alumnado poderá ser sometido a unha nova proba de avaliación con preguntas diferentes noutro momento.
- Non se fará media entre as probas da avaliación se o alumno/a ten menos dun 3 sobre 10 nalguna das probas (*vid. Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe avaliábeles*).
- A cualificación de cada trimestre será o resultado da media aritmética entre as probas de cada unidade.
- **Non haberá probas específicas de recuperación** das avaliacións ou exames suspensos, posto que entendemos que as características da nosa materia non permiten un fraccionamento dos contidos.
- O alumnado recuperará a avaliación suspensa mellorando a súa actitude e os seus coñecementos na avaliación ou avaliacións posteriores.
- A asistencia e a participación nas actividades de aula serán fundamentais á hora de avaliar.
- **REDONDEO :** A actitude (traballo na casa/ na aula, compañeirismo, material, puntualidade...) serán tidos en conta á hora do redondeo, polo que se realizará un seguimento polo procedemento de positivos e negativos de aula. Cada un destes suporá gañar ou perder 0,10 puntos, previo redondeo.

Farase o redondeo cara riba a partir do 0,8 (*é dicir, se un/unha alumno/a ten un 3,75 terá un 3 na avaliación, mentres que quen teña un 3,8 terá un 4 de media*).

C) AVALIACIÓN FINAL

Co fin de incentivar o traballo continuo e de premiar o esforzo do alumnado ao longo do curso, o peso de cada avaliación para o cálculo da nota final será o seguinte:

| 1ª avaliación | 2ª avaliación | 3ª avaliación |
|---------------|---------------|---------------|
| 20% | 35% | 45% |

- Posto que cada avaliación ten unha porcentaxe diferente para avaliación final, a nota do 3º trimestre non terá porque coincidir coa nota da **AVALIACIÓN FINAL**.
- Para realizar o cálculo da nota final, tomarase como referencia a nota con decimais de cada avaliación, sen redondeo, e **NON** a que aparece no boletín.
- Esta nota final do curso poderá ser obxecto de redondeo da mesma forma que as notas das avaliacións.
- **No caso de non obter unha nota igual ou superior a 5 sobre 10 logo da derradeira avaliación, o alumnado terá que realizar unha proba final de recuperación de toda a materia**, tal e como se explica a continuación:

| PROBA FINAL DO MES DE XUÑO | |
|----------------------------|--|
| Quen? | Alumnado que, tralos resultados da 3ª avaliación, non conseguise acadar unha media igual ou superior a 5, logo de ter feitos os cálculos do peso de cada avaliación parcial (20% + 35% + 45%) e PREVIO REDONDEO. |
| Cando? | Entre o 20 e o 22 de xuño. A data, hora e aula serán fixadas polo Equipo directivo do centro. |
| Tipo de probas | <p>Bloque 2 (EO) 20%</p> <p>O alumnado será avaliado por medio dunha gravación (voz e/ou imaxe) ou unha presentación oral na aula, na que o alumno/a realice unha presentación oral breve, presentando TODOS os traballos de expresión oral NON ENTREGADOS durante o curso (un por cada unidade, polo que variará o nº).</p> <p>No caso de ter todos os traballos entregados, a docente indicarlle ao alumno/a o traballo de expresión oral que terá que entregar para ser avaliada a expresión oral nesta proba final.</p> <p>No caso de ter que entregar varias gravacións ou presentacións (por non telas feito durante o curso), a cualificación será o resultado da media aritmética entre o total de probas pendentes de presentar polo alumnado.</p> <p>Todas as probas de expresión oral será avaliadas a través dunha rúbrica, a mesma que foi deseñada e empregada durante o curso para a avaliación das mesmas.</p> <p>A entrega da devandita proba (ou probas) de expresión oral será consensuada entre a docente e o alumnado</p> <p>* Para a súa entrega, o alumnado e a docente asinarán un acta, co fin de evitar malos entendidos.</p> |

| | | |
|----------------------|------------------------------------|---|
| | | <u>A non entrega deste exercicio será considerado como un 0.</u> |
| | Proba escrita 60% | Estará formada por actividades de CO, CE e de coñecemento da lingua (gramática e léxico), dos contidos traballados ao longo de todo o curso 2021-2022 e seguindo o modelo propio de todos os exames da materia durante o curso. |
| | EE 20% | Na mesma proba escrita anteriormente citada, haberá un apartado destinado á avaliación da expresión escrita. Para a avaliación desta competencia, empregárase unha rúbrica. <ul style="list-style-type: none"> • 1º ESO : preguntas, formulario e carta persoal. • 2º, 3º, 4º ESO : redacción. |
| Cualificación | | As tres partes serán cualificadas de 0 a 10 e segundo as porcentaxes indicadas. A materia considerárase aprobada se a nota final resultante é igual ou superior a 5 puntos, sen a aplicación do redondeo previo. Para dar por superada a materia, todas as competencias deberán ser avaliadas e chegar ao grao mínimo de consecución dos estándares que as compoñen. |

ACTIVIDADES DE REFORZO, APOIO, RECUPERACIÓN E AMPLIACIÓN

O período abranguido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final estará dedicado á realización de actividades de apoio, reforzo, recuperación e/ou ampliación, dirixidos a todo o alumnado:

- O alumnado que non teña a materia superada logo da 3ª avaliación parcial, traballará durante as sesións no reforzo daqueles contidos ou competencias que o precisen.
- O alumnado que xa teña superada a materia trala 3ª avaliación parcial tamén deberá participar nas actividades propostas. O seu grao de implicación poderá ser determinante para o redondeo da súa nota da avaliación final.

10.1.2. Avaliación na modalidade de ensino non presencial, a distancia ou semipresencial

O procedemento para a avaliación na modalidade de ensino non presencial será o seguinte :

| ACTIVIDADES DE ADESTRAMENTO / DE AULA | ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • Propóranse actividades co fin de traballar certas destrezas, de xeito semanal. • Estas actividades non serán cualificadas numericamente, senón que se seguirá o anterior método de aula. | <ul style="list-style-type: none"> • Serán tarefas nas que, xeralmente, serán avaliadas a expresión oral e/ou escrita. • Empregárase unha rúbrica como instrumento obxectivo para a avaliación da tarefa. • Faranse entre 2 e 3 actividades deste tipo, sempre e cando sexa posible. • Tamén se poderán realizar actividades de avaliación |
| Positivo / negativo | |
| Copiado | -0,1 |

| | | |
|-------------------------|-------|---|
| Incompleto | | a través da aula virtual : probas de comprensión escrita, contidos sintáctico-discursivos, vocabulario... |
| Ben | - | |
| Moi ben | | |
| Excelente | + 0,1 | |
| Actividades voluntarias | | |

- A súa realización é obrigatoria, e atenderase especialmente á calidade do presentado.

As actividades de avaliación farán media entre si. Seguiranse os mesmos criterios que os indicados no apartado anterior con respecto á nota mínima. A realización das tarefas de avaliación é obrigatoria. A non entrega suporá un 0 sobre 10.

Para a obtención da nota final de cada trimestre, seguiranse os mesmos criterios que foron expostos no apartado anterior. Cabe destacar que, á media obtida nas probas de avaliación, haberá que engadir os puntos do seguimento do traballo de aula.

Criterios e normas para a realización das tarefas en modalidade virtual :

- As actividades propostas, tanto as de adestramento como as de avaliación, terán que ser **persoais e orixinais**. Isto significa que **non serán válidas nin aceptadas** actividades ...
 - copiadas doutrxs compañeirxs
 - feitas ou susceptibles de ter sido feitas co emprego de tradutores ou doutros medios persoais e/ou tecnolóxicos. Este punto quedará baixo o criterio da docente, a través das evidencias que se amosen nas tarefas (estruturas non adaptadas ao nivel, xiros sintácticos, vocabulario...). Isto non significa que non se poida facer unha consulta puntual.
 - non entregadas ou incompletas: o simple feito de entregar tarefas non é motivo para considerar unha actividade como proveitosa. Atenderase especialmente a calidade das actividades, nas que se vexa que hai un mínimo traballo e esforzo previo por parte do alumnado. O feito de non comprender unha actividade non será motivo para deixala en branco (antes de enviar tarefas incompletas **e necesario e esencial enviar dúbidas**). Tamén serán consideradas como incompletas aquelas actividades que non respondan a consigna ou que non respecten as indicacións expostas (*por exemplo, enviar unha expresión escrita cando se pide unha expresión oral*).

Non se aceptarán, polo tanto, a entrega masiva de actividades, pois trátase de realizar un traballo constante e pautado, co fin de dar continuidade ao proceso de aprendizaxe, evitando a desconexión do alumnado, aspecto moi prexudicial para a aprendizaxe do alumnado e máis no caso dunha segunda lingua estranxeira.

PRAZOS DE ENTREGA

- As actividades publicaranse de forma semanal. Dende a publicación ata a data límite de entrega transcorreran como mínimo 5 días lectivos.
- Non se aceptarán actividades de resposta “obxectiva” (*por exemplo, unha comprensión oral de resposta múltiple*) tras ter feito e enviado as correccións ao resto do curso (independentemente do grupo). Isto significa que non serán tidas en conta en favor do alumnado.
- Atendendo aos posibles atrancos tecnolóxicos que poidan xurdir, aceptaranse actividades fora de prazo, **debidamente xustificadas**. De igual forma, queda xustificada a entrega fora de prazo por motivos de saúde, xustificadas dende as titorías. Nestes casos, as actividades serán enviadas tan pronto finalice o motivo que impediu a súa entrega nos prazos establecidos.

10.2 AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

O proceso de ensino e a práctica docente serán tamén avaliados co fin de levar a cabo unha análise crítica da intervención educativa e que permita tomar as medidas necesarias. Esta avaliación será efectuada por medio de dous mecanismos: a autoavaliación realizada pola docente así como a avaliación realizada polo propio alumnado, realizadas como mínimo unha vez por trimestre. Amósanse a continuación os indicadores de logro que vertebrarán cada un dos mecanismos e instrumentos sinalados:

| AUTOAVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE | ESCALA | | | |
|---|--------|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| <i>Indicadores de logro</i> | | | | |
| 1. Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada obxectivo | | | | |
| 2. Motivo o meu alumnado comunicándolles os obxectivos que quero conseguir e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade e creando expectativas. | | | | |
| 3. Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno/a e que teñan en conta os intereses. | | | | |
| 4. Cando comezamos unha unidade ou tema novo, os alumnos/as coñecen: os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar, como se lles avaliará.. | | | | |
| 5. En función das características de cada alumno/a, propoño tarefas e logros diferentes. | | | | |
| 6. Propoño metodoloxías diversas. | | | | |
| 7. Organizo o grupo clase en grupos para traballar dentro da aula | | | | |
| 8. Emprego recursos e materiais variados para a aprendizaxe da materia | | | | |
| 9. Dou pautas de actuación ás familias para que traballen na casa cos seus fillos /as. | | | | |
| 10. Adopto unha actitude positiva cara o erro do meu alumnado. | | | | |
| 11. Ofrezco ao alumnado a posibilidade de facer suxestións sobre o proceso de ensino. | | | | |
| 12. Emprego o francés como lingua vehicular da clase. | | | | |

| | | | | |
|--|--|--|--|--|
| 13. Consigo que o alumnado empregue o francés como lingua vehicular nas súas interaccións na aula. | | | | |
| Atención á diversidade | | | | |
| 1. Pido ao alumnado diferentes producións en función das súas características. | | | | |
| 2. Dou explicacións individuais cando é necesario. | | | | |
| 3. Tanto nos exames como no traballo de aula trabállanse actividades máis fáciles e máis difíciles. | | | | |
| 4. Teño en conta o alumnado que se afastan da media dos resultados, tanto por riba como por baixo. | | | | |
| Programación | | | | |
| 1. O profesorado que intervimos no mesmo nivel temos un reparto coherente dos contidos. | | | | |
| 2. Consulto a programación ao longo do curso. | | | | |
| 3. Utilizo instrumentos claros para avaliar as competencias. | | | | |
| 4. Ao programar, teño en conta as opcións do contexto. | | | | |
| 5. Dou a coñecer ao alumnado os elementos da programación: obxectivos, estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e metodoloxía. | | | | |
| Actividades de aula | | | | |
| 1. Propoño actividades que contribúen a aprendizaxe autónoma (busca de información complementaria, traballos, investigacións...) | | | | |
| 2. As actividades e accións que propoño teñen son diversas e/ou fan pensar. | | | | |
| 3. O alumnado é o protagonista na miña clase. | | | | |
| 4. Todas as actividades teñen un obxectivo moi claro. | | | | |
| 5. Organizo o tempo en clase. | | | | |
| 6. Realizo actividades que impulsan o desenvolvemento das distintas competencias. | | | | |
| 7. Na metodoloxía que aplico : | | | | |
| - Utilizo as Tics | | | | |
| - Utilizo recursos diferentes aos do libro. | | | | |
| 8. Como paso as horas lectivas (media): | | | | |
| - Dedico pouco tempo a manter a orde na aula. | | | | |
| - Impartindo teoría e explicacións. | | | | |
| - Respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, ... | | | | |
| - Valorando o alumnado de maneira individual. | | | | |
| 9. Integro os elementos transversais en todas as miñas unidades didácticas. | | | | |
| 10. Propoño actividades interdisciplinarias e plurilingües en colaboración con outros departamentos didácticos. | | | | |
| 11. Consigo desenvolver e xerar un clima de confianza na aula. | | | | |
| Avaliación | | | | |

| | | | | |
|--|--|--|--|--|
| 1. Ao inicio da unidade didáctica ou do proxecto, os alumnos coñecen os obxectivos didácticos, as competencias que se van desenvolver, as actividades que farán e como se vai desenvolver a avaliación | | | | |
| 2. Utilizo diferentes tipos de probas (exames escritos, exames orais, traballo individual, traballo en equipo) | | | | |
| 3. Para avaliar o alumnado, valoro máis aspectos ca nota final. | | | | |
| 4. Unha vez terminada a unidade ou o proxecto, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe. | | | | |
| 5. Emprego os instrumentos de avaliación previstos. | | | | |

| ENQUISA ALUMNADO (XERAL) <i>Indicadores de logro</i> | Escala | | | |
|---|---------------|----------|----------|----------|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. A profesora motiva ao alumnado? | | | | |
| 2. A profesora deseña distintas actividades de aprendizaxe? | | | | |
| 3. A profesora dá explicacións individuais cando é necesario? | | | | |
| 4. A profesora ten en conta o alumnado que ten dificultades coa materia? | | | | |
| 5. A profesora dá a coñecer ao alumnado os elementos da programación: obxectivos, criterios de avaliación e metodoloxía? | | | | |
| 6. A profesora propón actividades que contribúen á aprendizaxe autónoma (busca de información complementaria, traballos de investigación...)? | | | | |
| 7. A profesora organiza o tempo en clase? | | | | |
| 8. A profesora é puntual para empezar e rematar as clases? | | | | |
| 9. A profesora utiliza diferentes tipos de probas (exames escritos, exames orais, traballo individual, traballo en equipo)? | | | | |
| 10. Para avaliar ao alumnado, a profesora valora máis aspectos ca nota final? (traballos, actitude, pequenas probas...) | | | | |

| ENQUISA ALUMNADO (Francés) <i>Indicadores de logro</i> <i>* Serán redactados en lingua francesa</i> | Escala | | | |
|--|---------------|----------|----------|----------|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. As explicacións dos contidos | | | | |
| 2. A preparación das clases. | | | | |
| 3. O emprego das TIC por parte da docente. | | | | |
| 4. O voso emprego das TIC. | | | | |
| 5. A adecuación dos contidos aos vosos intereses. | | | | |
| 6. O conxunto das actividades propostas. | | | | |
| 7. A dificultade das actividades propostas. | | | | |
| 8. A actitude da docente cara o erro. | | | | |
| 9. A corrección das probas. | | | | |
| 10. A posibilidade de ver, revisar e comentar os traballos, exercicios, exames... | | | | |
| 11. A resolución das vosas dúbidas. | | | | |
| 12. O ambiente da clase. | | | | |

| | | | | |
|--|--|--|--|--|
| 13. A avaliación e os criterios de avaliación. | | | | |
| 14. O voso emprego do francés na clase. | | | | |
| 15. A actitude da docente cara vos. | | | | |
| 16. A posibilidade de facer suxerencias. | | | | |
| 17. A cualificación dos exames / actividades. | | | | |
| 18. A organización das sesións e da docente en xeral. | | | | |
| 19. Cal foi a vosa actividade preferida ? Por que ? | | | | |
| 20. Que cambiariades ? | | | | |
| 21. Cedes que aprendiches algo útil ? | | | | |
| 22. Este ano animouvos a seguir cos vosos estudos en lingua francesa ? | | | | |
| 23. Citade un aspecto negativo ou algo que habería que mellorar da parte da docente. | | | | |

Sen nada máis que engadir, e de acordo co anteriormente exposto,

A Xefa do Departamento de Francés,
Eva Comesaña Acuña

O Rosal, abril 2021